

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013703	CEIP de Quiroga	Quiroga	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	5º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	12

1. Introducción

Programación didáctica para a área de Proxecto Competencial de 5º de primaria.

O marco legal desta programación é:

- Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde de avaliación do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa da avaliación na ensinanza de educación primaria.
- Orde de atención á diversidade, do 8 de setembro de 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011.
- Orde de 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o decreto 155/2022.

Este centro está ubicado nun concello de tamaño pequeno en canto á poboación, e con moita dispersión. A actividade económica basease en pequenas empresas de distintos sectores e na actividade agraria con diversas explotacións hortícolas, destacando o sector de cultivo de oliveiras para a produción de aceite, así como o vitivinícola. Tamén hai no municipio empresas de extracción de lousa. Nos últimos anos está adquirindo gran importancia o sector turístico debido ao privilexiado enclave do noso concello xa que forma parte da Ribeira Sacra e do Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel.

O Concello conta con numerosos servizos públicos como a Casa do Concello, o Centro de Saúde, a Policía Local, a Casa da Cultura, o Auditorio Municipal, así como diferentes lugares para o lecer como o paseo fluvial, parques, campo de fútbol e pistas multideporte. Hai que destacar a existencia de dous museos importantes: o Etnográfico e o Xeolóxico.

Esta programación desenvolverase nun centro educativo no que hai matriculados aproximadamente 100 alumnos e alumnas de primaria e que conta cunha unidade para cada nivel de Primaria, agás 2º de EP que ten dúas.

O colexio, que ten horario de xornada mixta, de 9:45 a 16:30 (os luns) e de 9:45 a 14:35 (os martes, mércores, xoves e venres), dispón de comedor e servizo de transporte escolar. Asimesmo, contamos con Seccións Bilingües en 1º, 2º, 3º e 4º de primaria na área de Educación Plástica e Visual. Cóntase tamén con outros recursos, como unha biblioteca incluída en PLAMBE, que é ademais espazo multiusos para obradoiros, actividades culturais. No centro participamos en diversos programas: EDIXGAL, INCLÚE, Plan Proxecta e PROA +.

O grupo de 5º de primaria está integrado por 17 alumnos e alumnas (11 nenos e 6 nenas).

Somos un colexio E-DIXGAL, e polo tanto, cos recursos vinculados a este modelo. Os ultraportátiles serán as ferramentas comúns de traballo do alumnado, nun contorno de aula virtual configurada con elementos aportados por recursos da plataforma e tamén de elaboración por parte do equipo de mestres/as do nivel. Serán complementados con cadernos de traballo e fondo de libros de consulta de aula.

Centrándonos na propia área de Proxecto Competencial, hai que destacar o concepto de competencias como unha combinación de coñecementos, capacidades e actitudes que son precisos para que o alumnado poida levar a cabo importantes accións nas súas vidas: desenvolvemento persoal, resolver situacións problemáticas, desenvolver a súa socialización, crear oportunidades de mellora, integrarse e participar activamente na sociedade e no coidado da natureza e do planeta.

Así pois, esta área estrutúrase en 3 bloques que definen os obxectivos e os contidos básicos:

- Prever un plan de traballo.
- Resolver problema ou executar os proxectos planificados.
- Presentación do Proxecto Competencial.

Formúlanse 3 unidades didácticas nas que se desenvolverán a totalidade dos bloques de contidos durante o curso escolar.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A VIDA NA IDADE MEDIA (I)	Punto de partida: Que sabemos da Idade Media? Que necesitamos saber? Como nos organizamos. Buscamos información Buscamos na aldea Entramos nun castelo Asistimos a un torneo	30	15	X		
2	A VIDA NA IDADE MEDIA (II)	Investigamos: Acompañamos a un peregrino Investigamos no monasterio. Chegamos á cidade. Visitamos o mercado. Acercámonos á Universidade Construímos unha catedral	35	10		X	
3	A VIDA NA IDADE MEDIA (III)	Presentación do produto final. Que aprendimos Valoración persoal	35	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A VIDA NA IDADE MEDIA (I)	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñece a importancia da Idade Media como unha gran época histórica . Esperta o seu interese por aprofundar no seu coñecemento.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Selecciona recursos e materiais para a realización do proxecto		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identifica, selecciona e analiza a, información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporaliza as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Aporta solucións para as incidencias que se poidan producir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	A VIDA NA IDADE MEDIA (II)	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executa as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplica os coñecementos axeitados		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Emprega os recursos e materiais necesarios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolve comunica as incidencias atopadas durante a execución das actuacións.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valora positivamente os resultados acadados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	A VIDA NA IDADE MEDIA (III)	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presenta o produto final	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe corporal ecódigos comunicativos axeitados para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potencia as emocións positivas na exposición e controla a conduta asociada ás emocións negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprega recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Metodoloxía:

- Definimos o que queremos conseguir co desenvolvemento do proxecto
- Favorecemos o traballo colaborativo e organizamos os grupos de traballo.
- A mestra convírtese en facilitadora do proceso de ensino aprendizaxe, pero son os alumnos/as os protagonistas do proceso.
- Realizamos a investigación sobre o tema do proxecto. Utilizamos fontes de información variadas.
- Analizamos as opcións que obtivemos na investigación
- Elaboramos o proxecto
- Presentamos os resultados
- Avaliamos a experiencia.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador E-dixgal
Portfolio
Pizarra dixital Interactiva
Biblioteca
Internet
Fichas fotocopiáveis

O espazo habitual onde se desenvolverán as clases é a aula ordinaria dotada con equipamento dixital e encerado tradicional, biblioteca de aula e de centro. Alumnado sentado en pupitres individuais agrupados para o traballo cooperativo. Tamén se realizarán varias saídas escolares relacionada coa temática do proxecto.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora.

En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	35	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Peso dos instrumentos de avaliación nas tres unidades didácticas:

- Unidade 1: 100 % táboa de indicadores
- Unidade 2: 100 % táboa de indicadores
- Unidade 3: 100 % táboa de indicadores

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media ponderada das notas das avaliacións parciais, na seguinte proporción 30%, 30%, 40%, respectivamente.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e táboas de indicadores asociadas aos anteriores procedementos.

Nestas táboas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza,....

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas actividades de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto.

Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

Na etapa da Educación Primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais,

por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

As medidas de atención á diversidade levaranse en coordinación entre o equipo docente do alumando, o departamento de orientación e o equipo directivo.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe. A aula de 5º de primaria disporá este curso académico con profesorado PROA+ profesorado de PT e AL nas áreas instrumentais. De ser necesario deberíase ter en conta a dispoñibilidade do profesorado para apoios dentro da aula para poder ampliar o RE.

.Se na nosa aula dispoñemos de alumnado repetidor/a de curso, aplicaremos un plan específico de reforzo, deseñado en conxunto co Departamento de Orientación.

Se na nosa aula dispoñemos de alumnado procedente do estranxeiro, deberá seguir un plan de inmersión lingüística e reforzo específico.

O ter EDIXGAL na aula facilita que cada alumno/a realice tarefas graduais e máis personalizadas acordes coas súas capacidades persoais, podendo ampliar ou reforzar aspectos determinados.

O modelo de traballo por equipos colaborativos permite asignar funcións acordes coas capacidades de cada quen, fomentando a formación entre iguais , pola que uns axúdanse aos outros.

Nas actividades grupais prestarase especial atención ao alumnado con máis dificultades, e asignaráselle maior responsabilidade a aqueles con maior destreza neste eido, se ben todos e todas deberán pasar por ese rol nalgún momento, dándolle as ferramentas oportunas.

Cando o alumnado non poida asistir ao centro docente por causas xustificadas terá atención virtual por EDIXGAL, videoconferencias por plataformas corporativas, comunicación por mensaxería Abalar e/ou por correo corporativo.

Posto que cada estudante difire doutros na súa forma de procesar a información, de relacionarse cos demais e o seu entorno, de percibir sentimentos e emocións e de manifestar unha ou outras habilidades, é preciso seguir un modelo inclusivo que pretende adaptarse a calquera estudante baixo calquer situación.

Así, seguiranse as seguintes pautas do Deseño Universal de Aprendizaxe:

- Variar o nivel de esixencia
- Fomentar a colaboración.
- Facilitar estratexias e habilidades persoais para afrontar os problemas da vida cotiá e desenvolver a autoavaliación e a reflexión.
- Clarificar o vocabulario e os símbolos.
- Activar coñecementos previos, destacar características fundamentais, ideas principais, palabras clave, ...
- Realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos,...
- Guiar o procesamento da información, a visualización e a manipulación.

O protocolo de protección de datos estará presente en todo momento e en cada unha das actuacións así como calquer outro que sexa necesario aplicar.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade e do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.6 - Educación para a paz	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto polos dereitos humanos. Así como o rexeitamento de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiro de cómic	Participación nun obradoiro de cómic e desenvolver na biblioteca do centro.	X		
Visita ás igrexas de Hospital e A Ermida	Participación na visita a estas igrexas para valorar o seu legado patrimonial.	X		
Visita ao castelo de Ponferrada.	Participación na visita ao castelo para coñecer e valorar vestixios do pasado.		X	
Visita á catedral de Santiago de Compostela.	Coñecer a catedral de Santiago por dentro para valorar o seu conxunto arquitectónico.			X
Participación no "Colexio do Benquerer".	Participación do alumnado para traballar a educación afectivo sexual dunha maneira integral, cunha base de igualdade respecto á diversidade, educación emocional e fomento do pensamento crítico.(todo o curso).	X	X	X
Día da Paz e da Non Violencia	Fomento da resolución pacífica de conflitos.	X	X	X

Observacións:

As visitas aos distintos monumentos patrimoniais enumerados con anterioridade(igrexas, castelo e catedral), están vencellados con:

- CA1.2: " Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto".

- CA 1.3:" Identificar e seleccionar a información que se precisa".

- CA 2.2:" Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis requeridos".

CA 3.5: "Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto".

O obradoiro de cómic poderá valerlles para crear o seu propio sobre a temática do PC.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado
Medidas de atención á diversidade
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda programación está suxeita a ser revisada con continuidade co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos distintos ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

O seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación serán levadas a cabo nas reunións de equipo de ciclo e recollerase nas actas das mesmas. Inclúense as medidas de atención á diversidade, se se introduciron, as modificacións, modificación do número de sesións, ... e as propostas de mellora na aplicación Proens. Esta acción terá unha periodización mensual ao remate de cada UD.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo de ciclo nas sesións de avaliación, co gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

Tamén, levaremos un seguimento do desenvolvemento da programación a través da aplicación Proens (modificación de número de sesións, modificación de UD...).

9. Outros apartados